

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 10/05/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Aprobación, se procede, Modificación Proxecto Camiños Agader.-
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **10/05/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 19 de Abril de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MARÍA DEL CARMEN VELAY MEIJIDE, veciña de Corcubión, (Rexistro de Entrada 894 de 12/04/2018) para proceder ás obras consistentes en reforzo do tellado con aleiros de 20 cm en tres dos laterais, colocación de chapas de fibrocemento con tella do país, recebo e posterior pintado nunha vivenda (Referencia Catastral 8612033MH7581S0001LU),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de

data 3 de Maio de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MARÍA AMABLE LIÑEIRO SIXTO, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1.121 de 3/05/2018) para proceder á realización de obras consistentes no recebo de dúas fachadas e pintado das mesmas en tono claro nunha vivenda (Referencia Catastral 8506803MH7580N0002JY),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Maio de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MODESTA INSUA RIVAS, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 961 de 17/04/2018) para proceder á realización de obras consistentes na reparación de muro existente pola parte traseira dunha edificación con bloque branco e debendo respetar a altura actual (Referencia Catastral 8802310MH7580S0001AD)

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 3 de Maio de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de CRISTINA INSUA MOURE, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1.053 de 26/04/2018) para

proceder á realización das obras que a continuación se indican nunha vivenda (Referencia Catastral 8706404MH7580N0003KU)

- Retirada do azulexo de baño.
- Retirada de friso das paredes interiores.
- Substitución de premarcos de madeira das portas por outros novos.
- Reparación do piso de madeira deteriorado.
- Substitución da fiestra do balcón.
- Colocación de azulexo da cociña e baño.
- Colocación tarima flotante.
- Reforma de fontanería
- Reforma electricidade.
- Pintura interior.
- Pintado exterior da vivenda.

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 7 de Maio de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de DOLORES DOMÍNGUEZ LÓPEZ, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1.128 de 3/05/2018) para proceder á realización de obras consistentes no lavado e pintado das fachadas en cor claro, substitución de minihonda e colocación de canal de augas nunha vivenda (Referencia Catastral 8607418MH7580N0001DT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Maio de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MARÍA NIEVES CANOSA TRABA, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1.008 de 20/04/2018) para proceder á realización de obras consistentes no lavado,

reparación de gretas e pintado das fachadas exteriores en cor claro nunha vivenda (Referencia Catastral 8506828MH7580N0001ET), mediante a ocupación de vía pública con andamios nunha superficie de 12 metros,

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 7 de Maio de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de ROSA CALVO TRABA, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 1.085 de 30/04/2018) para proceder á realización de obras consistentes na substitución de escaleiras interiores, colocación de novo azulexo na cociña, baño, novos marcos das portas existentes e retirada de zócalos nunha vivenda (Referencia Catastral 8609307MH7580N0001HT)

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Maio de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de JOSÉ ANTONIO BUSTO POMBO, veciño de Zas, (Rexistro de Entrada 1.157 de 7/05/2018) para proceder á realización de obras consistentes no encintado da pedra das fachadas principal e traseira dunha vivenda (Referencia Catastral 8607423MH7580N0001IT) mediante a ocupación da vía pública con andamios nunha superficie de 4 metros,

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Maio e 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de TANATORIO GRUPO BERGANTIÑOS, S.L., con CIF B-70102025 e domicilio social Rúa da Capela, 2 desta Vila (Rexistro de Entrada 1.066 de 27/04/2018) para proceder á realización de obras consistentes no lavado de fachadas, limpeza cuberta e canalóns nunha edificación sita na citada Rúa (Referencia Catastral 8604205MH7580S0001GD),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 7 de Maio de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

“Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MARÍA LAGOA TRABA, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada número 1.063 de 20/04/2017) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da instalación do servizo de saneamento conectando coa rede municipal que pasa por esa zona con destino a unha vivenda (Referencia Catastral 002400400MH75D0001SQ) debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda en Informe de data 30/04/2018 que consta no expediente e do que se dará traslado á interesada.-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 10 de Maio de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a.-Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras de conexión ao saneamento municipal (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b.-Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terá unha pendente mínima de 2%.

c.-Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d.-A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias máis ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e.-No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f.-O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h.-Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

I) O interesado comunicárase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por este se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo por dita concesionaria.

Co fin de garantir a reposición do firme presentárase ante o Concello de Fisterra unha garantía polo importe de Trescentos cincuenta euros (350 €) en metálico ou aval bancario.--

B) Vista a Comunicación Previa presentada por parte de JUANA MARIÑO LÓPEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.077 de 30/04/2018) para proceder á realización de obras consistentes na substitución de fiestras por outras novas de PVC e retiro dos embelecadores de pedra existentes na fachada dunha vivenda (Referencia Catastral 8607507MH7580N0007BA),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 7 de Maio de 2018 que non se poden levar a cabo ditas actuacións por non cumprir coa normativa da aplicación ó pretender utilizar PVC como material das fiestras e non madeira.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Denegar á promotora o título habilitante polas razóns antes expostas.-

3º.- Aprobación, se procede, Modificación Proxecto Camiños Agader.-

1.- Aprobar a Modificación introducida dentro do Proxecto subvencionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a execución da Obra denominada “Plan de mellora de camiños municipais 2017 – 2018” adxudicada a Empresa Excavaciones Pose S.L., con CIF B15626922 e domicilio na localidade de Dombate, 7 Borneiro do Termo Municipal de Cabana de Bergantiños (CP 15119) por un importe de Tres mil cincocentos cincuenta e tres euros con vinte e cinco céntimos (3.553,25 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base á Valoración efectuada pola Arquitecta con data 8 de Maio de 2018 que consta no expediente .-

2.- Compromiso firme de aportación municipal polo importe antes mencionado para dita finalidade.

3.- Notificar este acordo ao contratista adxudicatario para que no prazo de tres días hábiles manifesta a súa conformidade ou non a esta modificación, así como á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) .

4.- Facultar ao Sr. Alcalde Presidente para que en nome e representación desta Corporación se proceda á sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios.

7º.- Asuntos varios.

AXUDAS ECONÓMICAS

- Visto o **Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes** **acorda conceder a M. J. D. B., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Seiscentos euros (600,00 €) para gastos médicos e que lle serán abonadas nun periodo de Tres meses a razón de Douscentos euros (200,00 €) mensuais por tratarse de persoa carente de medios económicos.-**

ACTIVIDADES CLASIFICADAS TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA

A) Visto o expediente iniciado co número 1092 (RE) de 30/4/2018 por **Carla Doppler**, no que solicita a **transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “comercio menor de pan, pasteles, confitería, lácteos”** que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, 14 desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 12/6/2017, a Xunta de Goberno Local concedíulle a KASSIOPEIA FISTERRA, C.B., licenza definitiva de apertura de “comercio menor de pan, pasteles, confitería, lácteos” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, 14 desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Bardona Rausch en nome e representación de KASIOPEIA FISTERRA, C.B., e Carla Doppler.

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Carla Doppler para o inicio da actividade de “comercio menor de pan, pasteles, confitería, lácteos” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, 14 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:15 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.